

## Visita de campo para recoñecer experiencias agrocolóxicas e comunitarias

O 28 de xuño dentro do V CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA E AGRICULTURA ECOLÓXICA realizaremos visita de campo para coñecer dúas experiencias agrocolóxicas nos concellos de Mondariz e de Cotobade. Neste documento podedes atopar algúns datos sobre as iniciativas que imos a coñecer:

### **1. Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Viascón (Cotobade):**

Na parroquia de Viascón no Concello de Cotobade (Pontevedra) atópase esta interesante iniciativa dinamizadora desenvolvida por unha entidade comunitaria. Trátase dunha Comunidade de Montes Veciñal en Man Común (CMVMC), que baixo o paradigma da multifuncionalidade trata de dinamizar social e economicamente a súa parroquia empregando os recursos endóxeos que lle proporciona o seu Monte.



Fotografía: Parcela onde pacen as frieirasas

Deste xeito, a CMVMC de Viascón conta con aproveitamentos forestais nos que as frondosas acadan relevancia con prantacións de castiñeiros, mais tamén ten desenvolvido un proxecto gandeiro dinamizador inserido dentro da agricultura ecolóxica certificada mediante co selo do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

O gando que teñen no monte é da raza frieiresa, unha raza gandeira autóctona de Galicia adaptada ao manexo en extensivo e que aproveita os recursos que fornece o mato. O rabaño está xestionado por Roberto, gandeiro de Viascón. Coas iniciativas dinamizadoras a CMVMC trata de darlle valor ao seu monte e loitar contra un dos grandes problemas da zona: os lumes forestais. Na vista contaremos coa presenza de Roberto e de Membros da Xunta Rectora da CMVMC de Viascón.



Fotografía: En Viascón contan cun rabaño de frieiresas

## 2. Biohousa (Gargamala-Mondariz)

No lugar de Gargamala no Concello de Mondariz (Pontevedra) podemos coñecer a Biohousa, iniciativa agroecolóxica desenvolvida por Hermindo e Sara. Desde fai uns anos en Gargamala Biohousa desenvolve unha explotación de horta en ecolóxico certificada polo Consello regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA). Nela tratan de fomentar a biodiversidade traballando con hortalizas, pequenos froitos, aromáticas e flores que suman en torno a 180 cultivos diferentes. Os principios de Biohousa baséanse en estratexias de pouca intervención na terra traballando en bancais.



Fotografía: Horta de Biohousa en Gargamala

Biohousa centra gran parte dos seus esforzos na comercialización dos seus produtos. Así adican varios días á semana a distribuír eles mesmos a súa produción. Traballan con restauración e con pequenas tendas ofertando tamén produtos singulares como flores comestibles ou as ensaladas “mezclun” con brotes e follas cativas de diferentes plantas. Ademais da hostalaría e das pequenas tendas Biohousa distribúe os seus

produtos directamente aos consumidores mediante cestas semanais ou quincenais cun mínimo de consumo fixado estacionalmente. Na visita poderemos contar coa presenza de Sara e de Hermindo promotores de Biochousa.



Fotografía: Horta de Biochousa en Gargamala